

AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS E OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO

Programa de financiamento
estrutural e continuado a grupos
de investigación e proxectos de
excelencia en Galicia



ÍNDICE

01 | Descripción

02 | Novidades

03 | Beneficiarios

04 | Financiamento

05 | Conceptos subvencionables

06 | Requisitos específicos

07 | Contía e duración

08 | Procedemento de solicitude de axudas

09 | Documentación para a solicitude


10 | Criterios de avaliación

O programa financia a **consolidación, estruturación e especialización das unidades de investigación máis competitivas e outras accións de fomento** do Sistema galego de I+D+i. Modalidades:




Modalidade A. Grupos de referencia competitiva (GRC):

consolidación de grupos de investigación que constitúan unha referencia no Sistema galego de I+D+i



Modalidade B. Grupos con potencial de crecemento (GPC): consolidación de grupos de investigación que amosan potencial de crecemento ata converterse en grupos de referencia do Sistema galego de I+D+i



Modalidade C. Proxectos de excelencia:

realización de proxectos de investigación por investigadores ou investigadoras individuais que, contando cunha traxectoria excelente, teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto


Dúas modalidades:

1 → Liña de reforzo da traxectoria investigadora consolidada

2 → Liña de reforzo de traxectorias emerxentes




Os **grupos con potencial de crecemento** poderán acceder a un **complemento económico** coa aplicación dun módulo variable na contía da axuda, como xa tiñan os grupos de referencia competitiva



Incorporación de **novos items no baremo de avaliación** para reforzar o carácter integrador das propostas e a súa conexión coas demandas sociais actuais (perspectiva de xénero, RRI, creación de sinerxías e a capacidade do equipo)

- Universidades do **SUG**
- **Organismos públicos de investigación** de Galicia
- **Fundacións de investigación sanitaria** de Galicia:
 - Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela
 - Fundación profesor Novoa Santos
 - Fundación Biomédica Galicia Sur
- **Centros do CSIC** radicados en Galicia

Calquera destas entidades poderá solicitar as axudas e destinaraas aos seus propios **grupos de investigación** e ao **personal investigador** que proceda



- Custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación
- Pequeno equipamento inventariable e material funxible
- Material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas
- Formación do persoal do grupo ou do persoal adscrito ao proxecto
- Viaxes e axudas de custo (máximo 20 % dos gastos totais)
- Persoal investigador visitante
- Actividades de difusión e comunicación
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información
- Publicación dos resultados da investigación en aberto
- Consultaría e asesoramento externo para deseñar e aplicar a estrutura e a estratexia do grupo, contratación de servizos externos
- Elaboración do informe de auditoría
- Custos indirectos (máximo 20 % dos gastos totais da axuda validamente xustificada)

Modalidade A. Grupos de referencia competitiva (GRC)



- O grupo debe estar integrado **polo menos por 5 investigadores/as**
- No caso do SUG, terá que constar **inscrito nos rexistros da universidade** antes do 30 de xuño de 2021
- Cumprir **como mínimo, 1 dos seguintes requisitos de actividade de I+D:**
 - **Proxectos competitivos** (período 01/01/2019 - 31/12/2021): polo menos 3 proxectos competitivos activos, cun importe superior a 15.000 € cada un, ou 1 proxecto competitivo activo cun importe superior a 75.000 €
 - **Ingresos I+D** (período 01/01/2019 - 31/12/2021): ingresos medios anuais superiores a 150.000 €, ou a 80.000 € para grupos das ramas de Artes e Humanidades ou Ciencias Sociais e Xurídicas
 - **Axudas:** ter sido beneficiario das axudas GRC na convocatoria do ano 2018


Modalidade A. Grupos de referencia competitiva (GRC)

--→ Cumprir, **como mínimo, 2 dos seguintes criterios de produción científica** (período 01/01/2019 - 31/12/2021):



- **Artigos publicados:** polo menos 10 publicacións incluídas en SCOPUS ou *Web of Science*. Grupos das ramas de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas: consideraranse ERIH IN-REC, IN-RECJ, DICE e LATINDEX
- **Libros publicados:** polo menos 3 (só para grupos de Artes e Humanidades ou Ciencias Sociais e Xurídicas)
- **Teses dirixidas/codirixidas e lidas:** polo menos 3 teses para os grupos do SUG e 2 para o resto de entidades
- **Patentes en explotación** titularidade da entidade solicitante: polo menos 1 patente (ou 4 rexistros de propiedade intelectual de *software* ou 4 rexistros de variedades vexetais)
- **Acordos de explotación ou EBTs** xerados a partir de resultados obtidos polo grupo: polo menos 1 acordo ou EBT
- **Participación en proxectos de programa marco da UE:** polo menos 1 liderado de proxecto

Modalidade B. Grupos con potencial de crecemento (GPC)



- O grupo de investigación debe estar integrado **polo menos por 3 investigadores/as**
- No caso do SUG, terá que constar **inscrito nos rexistros da universidade** antes do 30 de xuño de 2021
- Cumprir, **como mínimo, 4 dos seguintes requisitos de actividade de I+D e criterios de produción científica** (período 01/01/2019 - 31/12/2021):
 - **Ingresos I+D:** ingresos medios anuais superiores a 80.000 €, ou a 40.000 € para grupos das ramas de Artes e Humanidades ou Ciencias Sociais e Xurídicas
 - **Proxectos competitivos:** polo menos 2 proxectos competitivos activos cun importe superior a 15.000 € cada un, ou 1 de importe superior a 50.000 €
 - **Contratos ou convenios:** polo menos 2 contratos ou convenios con empresas ou institucións de importe superior a 15.000 € cada un

CONTINÚA ↓

Modalidade B. Grupos con potencial de crecemento (GPC)



- **Artigos publicados:** polo menos 3 publicacións en SCOPUS ou *Web of Science*. Grupos das ramas de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas: consideraranse ERIH, IN-REC, IN-RECJ, DICE e LATINDEX
- **Libros publicados:** polo menos 2 (só para grupos de Artes e Humanidades ou Ciencias Sociais e Xurídicas)
- **Teses dirixidas/codirixidas e lidas:** polo menos 2 teses para os grupos do SUG e 1 para o resto de entidades
- **Patentes en explotación** titularidade da entidade solicitante: polo menos 1 patente (ou 2 rexistros de propiedade intelectual de *software* ou 2 rexistros de variedades vexetais)
- **Empresas** creadas a partir de resultados obtidos polo grupo: polo menos 1 empresa
- **Participación en proxectos de programa marco da UE:** polo menos 1 participación como socio/a ou líder
- **Axudas:** ter sido beneficiario das axudas GRC da convocatoria do ano 2018 ou GPC na convocatoria do ano 2019

Modalidade C.

Proxectos de excelencia

---→ Liña de reforzo de traxectoria investigadora consolidada

O persoal investigador deberá ter unha vinculación laboral estable nunha universidade do SUG e ter recibido unha axuda *Starting Grant* do ERC que remate no ano 2021

---→ Liña de reforzo de traxectorias emerxentes

O persoal investigador deberá estar adscrito ao programa Ramón y Cajal (convocatorias 2017, 2018, 2019, 2020) ou tamén aos programas Miguel Servet ou Juan Rodés para o caso das entidades alleas ao SUG

---→ Ambas as liñas

- O persoal investigador que lidere os proxectos non poderá ter sido beneficiario dunha axuda nesta modalidade en anos anteriores e non poderá ter unha axuda activa como investigador/a principal dos programas de GRC, GPC ou do ERC
- A persoa investigadora responsable do proxecto deberá contar cun equipo de investigación formado por un mínimo de 2 persoas (sen contar o investigador ou investigadora principal) que deberá de cumprir determinados requisitos relativos a súa categoría profesional, funcións dentro da entidade ou vinculación laboral coa mesma

Modalidade A. Grupos de referencia competitiva (GRC)


- Axudas de **duración** máxima de 4 anos
- **Importe total** da axuda integrado por unha contía estrutural e outra variable, acumulables e distribuídas por anualidades:

1. Módulo estrutural anual: fixo de 25.000 € máis variable máximo de 25.000 € determinado en base aos ingresos medios do grupo

2. Módulo variable anual: ata un máximo de 50.000 €, determinado por tramos en función dos ingresos anuais medios do grupo (período 01/01/2019 - 31/12/2021)



Modalidade B. Grupos con potencial de crecemento (GPC)



--→ Axudas de **duración** máxima de 3 anos

--→ **Importe total** da axuda integrado por unha contía estrutural e outra variable, acumulables e distribuídas por anualidades:

1. Módulo estrutural anual:

máximo de 20.000 € na primeira anualidade e de 35.000 € na segunda e terceira

2. Módulo variable anual:

ata un máximo de 10.000 € por anualidade para os grupos beneficiarios dunha axuda nesta modalidade desde a convocatoria do 2016 e que xa non estea activa, e que ademais cumpran determinadas condicións ligadas ao seu tamaño, ingresos medios anuais e traxectoria en transferencia de coñecemento (período 01/01/2019 – 31/12/2021)

Modalidade C. Proxectos de excelencia

1.


Liña de traxectoria
investigadora
consolidada:

- Axudas de **duración**
máxima de 4 anos
- **Importe** máximo
anual de 50.000 €

2.

Liña de traxectoria
investigadora emerxente:

- Axudas de **duración**
máxima de 5 anos
- **Importe** máximo anual de
15.000 € para o ano 2022
e de 25.000 € para os anos
2023, 2024, 2025 e 2026





Prazo de presentación: **03/02/2022 - 02/03/2022**


INFORMACIÓN:

na internet nos enderezos da [Secretaría Xeral de Universidades](#) e da [Axencia Galega de Innovación](#)

Común ás tres modalidades:



Certificado que acredite o **cumprimento dos requisitos específicos** exixidos para cada unha das modalidades. Emitido pola entidade á que pertence o grupo ou persoal investigador



De ser o caso, certificación de que se conta con toda a documentación exixida pola lexislación para a **investigación con animais**. Asinada pola persoa representante legal da entidade solicitante

Modalidade A. **GRC** e Modalidade B. **GPC**



Certificado da **composición do grupo** indicando o código e/ou denominación do grupo. Emitido pola entidade solicitante



Certificado de **ingresos de I+D** competitivos obtidos polo grupo de investigación. Expedido pola entidade solicitante



Memoria descriptiva da estratexia de investigación, estruturación e consolidación que vai seguir o grupo. Asinada polo coordinador ou coordinadora do grupo de investigación

Modalidade C. **Proxectos de excelencia:**



Certificado no que se acrediten o **cumprimento dos requisitos exixidos** para esta modalidade, indicando a **composición do equipo**. Emitido pola entidade solicitante



Memoria descriptiva do proxecto de investigación. Asinada polo investigador ou investigadora principal do proxecto

Modalidade A. **GRC** e Modalidade B. **GPC**

Estrutura/organización de investigación. Ata un total de 10 puntos

- > Composición, estrutura, interdisciplinariedade e coherencia do grupo e da súa actividade. [Ata 5 puntos](#)
- > RRI. Investigación e innovación responsable. [Ata 5 puntos](#)

Actividade investigadora (no período 2019-2021). Ata un total de 65 puntos

- > Teses de doutoramento defendidas. [Ata 3 puntos](#)
- > Contratados/as pre e posdoutorais procedentes de convocatorias competitivas. [Ata 5 puntos](#)
- > Promoción do talento. [Ata 2 puntos](#)
- > Proxectos de convocatorias de ámbito estatal [[ata 6 puntos](#)] ou de ámbito internacional [[ata 8 puntos](#)]
- > Contratos e convenios con empresas ou institucións. [Ata 6 puntos](#)
- > Ingresos por contratos, convenios e convocatorias. [Ata 6 puntos](#)
- > Publicacións, libros publicados, publicacións de actas de congresos internacionais, resultados de creatividade artística. [Ata 20 puntos](#)
- > Participación como editor/a en comités editoriais de revistas científicas indexadas en SCOPUS/WoS. [Ata 2 puntos](#)
- > Outros criterios. [Ata 7 puntos](#)

Estratexia do grupo de investigación. Ata un total de 20 puntos

Puntuación da comisión de selección. Ata 5 puntos

- > Universidades do SUG: participación de investigadores/as dos campus de especialización acreditados e subsidiariamente dos campus periféricos de Ferrol, Lugo, Pontevedra e Ourense
- > Resto de entidades: participación de investigadores/as dos centros periféricos localizados nas provincias de Lugo ou Ourense, así como na comarca de Ferrolterra

Modalidade C. Proxectos de excelencia

Calidade científico-técnica do proxecto. Ata un total de 35 puntos

Viabilidade do proxecto. Ata un total de 20 puntos

Capacidades científico-técnicas do equipo de investigación para a realización do proxecto e impacto esperado.


Ata un total de 35 puntos

- > Capacidade formativa. **Ata 10 puntos**
- > Capacidade de captación de recursos. **Ata 10 puntos**
- > Producción científica. **Ata 10 puntos**
- > Aplicabilidade e transferencia da proposta. **Ata 5 puntos**

RRI. Investigación e innovación responsable. Ata un total de 10 puntos

- > Liderado feminino. **Ata 2 puntos**
- > Participación de mulleres no equipo. **Ata 2 puntos**
- > Outros elementos de Investigación e innovación responsable: educación científica, ética e participación cidadán. **Ata 6 puntos**

AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS E OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO



..... **TIPO DE CONVOCATORIA**
Convocatoria conxunta entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

..... **ORGANISMO XESTOR E FINANCIADOR**
SOLICITUDES SUG:
→ Secretaría Xeral de Universidades
SOLICITUDES RESTO DE ENTIDADES:
→ Axencia Galega de Innovación

.....

ORZAMENTO
22,94 M€

.....

TIPO DE APOIO
Axuda a fondo perdido

.....

CÓDIGOS DE PROCEDIMENTO

SOLICITUDES SUG:

→ Modalidade A: ED431C
→ Modalidade B: ED431B
→ Modalidade C: ED431F

SOLICITUDES RESTO DE ENTIDADES:

→ Modalidade A: IN607A
→ Modalidade B: IN607B
→ Modalidade C: IN607D

.....

DATA DE PUBLICACIÓN DOG
02/02/2022


.....

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
03/02/2022 - 02/03/2022

.....

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
sede.xunta.gal

AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS E OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO



MÁIS INFORMACIÓN

Solicitudes SUG:

Consellería de Cultura, Educación e Universidade
Secretaría Xeral de Universidades
Subdirección Xeral de Promoción Científica e
Tecnolóxica Universitaria
Servizo de Xestión Científico-Tecnolóxica

San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

881 995 152 / 881 99 5156
promocioncientifica.educacion@xunta.gal

Solicitudes resto entidades:

Vicepresidencia Segunda e Consellería de
Economía, Empresa e Innovación
Axencia Galega de Innovación

Rúa Airas Nunes s/n, 15702
Santiago de Compostela

981 541 096
xestion.gain@xunta.gal